

DERECHO PROCESAL LABORAL PRÁCTICO. CASOS RESUELTOS Y GUÍAS DE ACTUACIÓN EN SALA

Autor: Maneiro Vázquez, E. (Dir.)

Editorial: Tirant lo Blanch, 2018, 530 páxinas.

A vitoria nun preito por parte do profesional que o dirixe non depende única e exclusivamente dos coñecementos máis teóricos que poida posuír sobre a materia que está a ser obxecto do litixio. A estes coñecementos débese sumar como valor engadido o pleno dominio das regras que conforman o Dereito Procesal Laboral na súa vertente máis práctica, que xunto coa estratexia procesal oportuna rematarán por conducir a un bo resultado. Esta é quizais unha das vertentes que se deixou de lado dentro dos estudos e plans universitarios, de tal modo que os acabados de licenciarse se encontran de súpeto na Sala dun Xulgado ou Tribunal sen saber moi ben cales son os pasos que deben dar, o cal enlaza directamente coa principal motivación desta obra colectiva: ofrecer unha visión práctica do proceso laboral. Con este enfoque novidoso, que ten como principal obxectivo axudar a que esa fase de desconcerto pola que todo novo avogado ou graduado social debe pasar sexa o menos complexa posible, os autores ofrecen abundantes recursos prácticos que, postos en conexión cos coñecementos teóricos adquiridos, poden resultar de grande utilidade non soamente no ámbito académico, senón tamén no ámbito profesional. Os destinatarios deste material non son exclusivamente os alumnos, con miras ao futuro, senón tamén os docentes na medida que, a través del, poden ampliar os seus recursos e formar dun xeito máis interdisciplinar.

A obra encóntrase dividida en tres grandes partes, englobando seis capítulos en total. A primeira parte (capítulos I a IV) ofrece unha explicación teórica das

cuestións máis significativas do Dereito Procesual Laboral, combinada con exemplos que se deron nos nosos tribunais que permiten ver a aplicación e o reflexo na realidade procesual dos diferentes temas; a segunda e terceira parte (capítulos V e VI respectivamente) xa posúen en certa medida unha perspectiva máis práctica, ofrecendo ao lector unha guía de actuación procesual e un conxunto de casos prácticos resoltos para así aplicar todo o aprendido anteriormente.

O primeiro capítulo titulado "*Metodoloxía para facer un caso práctico en Dereito Procesual Laboral*" é obra do profesor Álvarez del Cuvillo e, como a súa propia rúbrica indica, trata de explicar algo que quizais se pasa por alto pero que non por iso deixa de ser importante: a propia técnica de resolución dun caso. A técnica ou o método é algo que se adquire e se perfecciona fundamentalmente a través da experiencia, razón pola cal ás veces resulta difícil de transmitir no ámbito académico, pero en todo caso nunca están de máis unhas guías ou pautas adecuadas para que os alumnos as interioricen a través de exemplos ilustrativos que se lles formulen e nun futuro caian nos menores erros posibles. O coñecemento teórico é sumamente importante, pero o é máis a aplicación correcta deste.

Cando se formula un caso práctico, o máis parecido na Universidade a un caso real dun cliente, o primeiro que se debe facer é unha lectura correcta e detida deste, destacando a información relevante e buscando aqueles conceptos ou institucións xurídicas que se descoñecen. A través desta lectura, se é a axeitada, pronto se poderán identificar os problemas xurídicos fundamentais aos que se debe dar resposta a través principalmente de dúas fórmulas: "chuvia de ideas de preguntas" e uso de "tópicos". Coas preguntas concretas, informadas ou polémicas canalízanse as cuestións máis pertinentes ou útiles para resolver o caso en concreto, e á súa vez respóndense as cuestións principais a nivel procesual: a pretensión, o tipo de proceso, o órgano xudicial competente, as partes no proceso, as vías de recurso ou de execución, etc. A resposta debe obterse evidentemente de

fontes de información diversa, destacando en primeiro lugar a lexislación, en especial a Lei reguladora da xurisdición social e como norma supletoria a Lei de axuizamento civil, así como normas específicas (Lei orgánica do Poder Xudicial, Lei de asistencia xurídica gratuíta, Constitución española, etc.); a doutrina xudicial debidamente obtida a partir de bases de datos, que non só servirá para encontrar un precedente similar, senón tamén para extraer pautas interpretativas, valoracións xurídicas ou marcos teóricos de conceptos; e a doutrina académica con fins pedagóxicos que permiten a obtención de novas orientacións argumentativas, que deben ser válidas, eficaces, persuasivas e imparciais, ordenadas a través do método que resulte máis conveniente en función daquilo que se pretenda plasmar. Un dos aspectos fundamentais que non pode esquecer ningún alumno ou profesional é a calidade da redacción. O Dereito conta cunha linguaxe intersubxectiva, é dicir, unha linguaxe técnica e formal que permite a comunicación entre os individuos que o coñecen, de modo que a redacción coa que se formule a solución do caso práctico ou directamente a pretensión da demanda debe ser non só correcta a nivel ortográfico, senón tamén clara, sinxela e simple.

Mais alá dos posibles casos prácticos aos que se poida ter que enfrontar un estudante, a vida do avogado ou do graduado social desenvólvese nos tribunais e, por iso, é indispensable coñecer integramente o seu funcionamento. Con esta idea arranca o Capítulo II, titulado "*Casos relativos aos principios do proceso laboral, xurisdición e competencia*", escrito conxuntamente polos profesores Yolanda Maneiro Vázquez, Lucía Dans Álvarez de Sotomayor e Antonio Costa Reyes. Se do que se trata é de interpoñer unha demanda reclamando algún tipo de pretensión, o primordial é saber que natureza a caracteriza, é dicir, cal é o obxecto litixioso. A materia contenciosa é fundamental para determinar aspectos tan importantes na resolución do conflito como o órgano ante o cal debe ser interposta a demanda ou o tipo de proceso polo cal se debe tramitar a cuestión. Partindo desta idea, e tomando como principal referencia a Lei reguladora da xurisdición social (en diante LRXS), o primeiro que se formulan os autores é ante que

orde xurisdiccional debemos acudir. Esta pregunta pode resultar moi sinxela, xa que en termos xenéricos se nos encontramos ante unha cuestión que se pode cualificar como social tanto de xeito directo coma por conexión en virtude do artigo 1 LRXS, coñecerían desta os xuíces e tribunais laborais aos cales atribúe competencia o artigo 25 da Lei orgánica do Poder Xudicial. Este obxecto determina que se acuda á vía laboral, pero en determinadas circunstancias non sempre resulta sinxelo trazar a fronteira entre a materia social, civil ou contencioso-administrativa. Moitas veces a dificultade radica en cualificar a propia materia como laboral, e consciente diso a profesora Dans Álvarez de Sotomayor ofrece unha explicación detallada dos artigos 2 e 3 LRXS, que realizan respectivamente unha delimitación positiva e negativa de cales son as cuestións litixiosas susceptibles ou non de ser axuizadas pola orde xurisdiccional social. Se ben non resulta complexo entender que un conflito laboral colectivo ou individual debe ser coñecido pola orde xurisdiccional social, existen aspectos máis problemáticos, como que papel xoga a Administración Pública neste sentido como parte demanda, que dereitos fundamentais ademais da liberdade sindical son susceptibles de protección nun proceso laboral, que prestacións da Seguridade Social poden ser reclamadas ante un Xulgado do Social, etc. Neste sentido, tendo en conta a especial complexidade que poden entrañar os sistemas de protección social ofrecidos non só pola Seguridade Social, senón por outros entes públicos ou privados como as mutualidades, o profesor Costa Reyes dedica un apartado concreto a delimitar que materias quedarían excluídas ou incluídas neste sentido na competencia social.

Unha vez que se delimitou o obxecto litixioso e se recoñece a competencia da xurisdición social, o seguinte que debe preguntarse todo profesional é a que concreto xulgado ou tribunal hai que dirixirse: ao Xulgado do Social, á Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza, á Sala do Social da Audiencia Nacional ou á Sala do Social do Tribunal Supremo. Para dar resposta a iso, Dans Álvarez de Sotomayor analiza a competencia obxectiva e funcional de cada un destes órganos xurisdiccionais, dedicando especial

atención aos foros propios da competencia territorial dos Xulgados do Social.

Analizadas xa estas primeiras cuestións competenciais básicas, o seguinte paso consiste, e así o plasman os autores, en determinar a modalidade procesual axeitada. A LRXS regula xunto coa modalidade procesual ordinaria numerosas modalidades procesuais especiais en función da materia litixiosa, e se ben os procesos especiais poden ser bastante frecuentes na práctica, non se debe esquecer a importancia do coñecemento de ambas as dúas modalidades, xa que o proceso ordinario non só serve de base para os procesos especiais, senón que, ademais, rexe en defecto de regra especial, sen prexuízo da cal, á súa vez, en todo o non previsto polas regras do proceso laboral se aplicarán as regras do proceso civil. Nesta liña a profesora Maneiro Vázquez delimita os principios específicos do proceso laboral ordinario, que marcan unha diferenza respecto dos principios do proceso civil, e teñen como principal finalidade a rapidez e brevidade na tramitación e na solución: oralidade, intermediación, concentración e celeridade. En consecuencia, no proceso laboral o escrito será a excepción, e os prazos deste serán máis breves respecto daqueles que rexen noutro tipo de procesos, contando mesmo coa posibilidade de que o órgano xurisdiccional que estivo presente en todos os actos que compoñen o xuízo oral poida ditar unha sentenza *in voce*. Tamén a autora presta especial atención ao principio de igualdade de armas recoñecendo que, se ben non é un principio exclusivo do proceso laboral, debe ser examinado neste ámbito con especial énfase como principio que garanta que o traballador non se encontre nunha posición procesual máis débil respecto do empresario, outorgándolle por exemplo o beneficio da xustiza gratuíta, exonerándoo dos depósitos e consignacións para recorrer, ou directamente invertendo a carga da proba (art.º 96.2 LRXS).

Continuando coa idea mencionada con anterioridade, a da importancia e prevalencia do proceso ordinario, as profesoras Dans Álvarez de Sotomayor e Maneiro Vázquez

dedican o Capítulo III, titulado "*Casos relativos ao proceso ordinario*", a estudar a súa tramitación en profundidade. Ben é sabido que un proceso está constituído por unha sucesión de actos procesuais, que abranguen dende a interposición da demanda ata a sentenza e os eventuais recursos que se poidan interpoñer, e cada un deses actos procesuais conta coas súas especificidades características que merecen un tratamento e estudo diferenciado, sobre todo en prol de evitar que posibles defectos procesuais poidan mesmo viciar de nulidade o proceso.

O proceso laboral ordinario iníciase a través da interposición da demanda por parte do actor, pero a LRXS prevé unha serie de actuacións previas á devandita interposición: os actos preparatorios e dilixencias preliminares, as medidas de anticipación e aseguramento da proba ou as medidas preventivas (v.gr. embargo, paralización dos traballos, traslado, redución de xornada, etc.). Cada unha destas actuacións ten unha finalidade diferenciada como obter a información necesaria para o proceso, evitar que se frustrate a presentación dun medio de proba na fase de xuízo oral, asegurar a efectividade da sentenza, etc., aínda que comparten a característica común de ser medidas tendentes a preparar o proceso. Xunto a elas tamén destacan as medidas que, pola contra, tenden a evitar o proceso, tales como a conciliación ou mediación previa, a reclamación administrativa previa ou o esgotamento da vía administrativa previa. A acumulación excesiva de traballo dos nosos xulgados e tribunais constitúese na actualidade como un dos obstáculos da xustiza en si mesma, razón pola cal o lexislador articula mecanismos alternativos que favorezan unha solución do conflito laboral sen necesidade de intervención xudicial. Así, a autora Maneiro Vázquez explica non só a razón de ser de cada figura de xeito teórico, senón tamén a súa tramitación, os seus presupostos, requisitos e efectos a través de cuestións prácticas, destacando con especial importancia a suspensión da caducidade e a interrupción da prescrición na mediación e a conciliación.

Se finalmente non se consegue ningún tipo de acordo entre as partes, será cando propiamente empece o proceso a través da interposición da demanda. A autora afonda na importancia que posúe a demanda como elemento delimitador do obxecto do proceso, e por iso analiza que requisitos debe conter e como deben estar formulados. Aínda que xeralmente se adoita identificar un proceso cunha acción, non sempre sucede así na práctica, xa que a LRXS ofrece a posibilidade de que na mesma demanda o demandante acumule accións ben de forma inicial ou ben de forma sobrevida nun único proceso e ante un único órgano xudicial, explicándose así nas páxinas sucesivas que tipos de acumulación de accións caben (obxectiva e subxectiva) e cales son os límites infranqueables que dispón a nosa lexislación e que poden provocar unha acumulación indebida.

En todo caso, a demanda, unha vez interposta, debe ser admitida ou inadmitida a trámite. Se o Letrado da Administración de Xustiza admite a trámite a demanda terá lugar nese mesmo Decreto a citación ás partes, destacándose todos os requisitos formais que debe recoller a devandita notificación (pola posible afectación á tutela xudicial efectiva) e o prazo que debe mediar entre a citación e o xuízo oral (10 días como mínimo) como oportunidade outorgada ao demandado para elaborar a súa defensa. En consecuencia, a autora afonda acerca dos requisitos e medios de citación e os posibles escenarios de comparecencia ou non comparecencia das partes, tamén a través de exemplos prácticos extraídos de casos reais.

O xuízo oral ao que as partes foron citadas é un acto que, segundo a profesora Maneiro Vázquez, conta con dúas características que se derivan xa dos principios reguladores do proceso: é un acto rápido e fundamentalmente oral. Non obstante, como xa se expuxo anteriormente, o lexislador volve mostrar no propio acto do xuízo ese interese en que sexan as partes as que logren por si mesmas o acordo, regulando así a figura da conciliación xudicial ante o Letrado da Administración de Xustiza, ben detallada a súa tramitación pola autora. Se o acordo é imposible terá lugar

a vista oral, que conta con tres fases: 1) a fase de alegacións, onde intervirán demandante (ratificando ou, no seu caso, ampliando a demanda) e demandado, que contestará á demanda a través de varias opcións (achantamento, non contestación, oposición ou reconvencción), destacando especialmente as excepcións tanto procesuais coma de fondo que se detallan sistematicamente; 2) a fase probatoria, que só se considerará obrigatoria se o solicita algunha das partes, subliñando ademais o carácter supletorio que posúe nesta materia a Lei de axuízamento civil en canto aos medios de proba se refire, explicados na obra con profundidade e a través de casos prácticos resoltos (interrogatorio das partes e de testemuñas, proba pericial, documental e de informes de expertos ou medios de reprodución da palabra, imaxe e son), facendo especial fincapé nas regras de carga da proba do actor e os posibles supostos de traslado ao demandado para, segundo a autora, garantir a igualdade real e de armas das partes no proceso laboral; e 3) a fase de conclusións, onde as partes formularán as alegacións sobre todo o actuado no xuízo ata ese momento e concretarán as súas pretensións definitivas.

Unha vez que finaliza o xuízo oral, en principio abriríase para o órgano xudicial o prazo para ditar sentenza, pero cabe a posibilidade de que non se conteña toda a información necesaria e, por exemplo, sexa necesaria a práctica dalgún medio de proba admitido e non practicado ou practicado de forma incompleta. Por esta razón o lexislador abre a posibilidade de adopción de dilixencias finais. Se estas dilixencias finais non son necesarias, a sentenza debería ditarse no prazo de 5 días dende que conclúe o xuízo oral (se ben pode reducirse a 3 nas modalidades urxentes), recalcando así pola profesora Maneiro Vázquez a rapidez propia do proceso laboral. Como resulta evidente, a sentenza se pronunciará nun sentido ou noutro, e pode suceder, e de feito é o habitual, que a decisión non satisfaga ás partes da contenda, as cales teñen a posibilidade de recorrela. Así, a profesora Dans Álvarez de Sotomayor regula detidamente os recursos susceptibles de interposición contra a sentenza ditada partindo dunha

premisas moi importantes, que é a non existencia do principio de dobre instancia no proceso laboral, o cal vén a significar que non todo tipo de resolución xudicial se pode considerar recorrible, e que ademais non todos os recursos se dirixen contra as mesmas resolucións nin producen as mesmas consecuencias.

Sen prexuízo da importancia que poden ter os recursos de reposición, de revisión e de queixa, a autora entende que o recurso devolutivo máis empregado na práctica procesual é o recurso de suplicación interposto contra as sentenzas ditadas polos Xulgados do Social, que debe ser coñecido polo Tribunal Superior de Xustiza. Ao tratarse dun recurso extraordinario, a autora detalla de xeito pormenorizado que resolucións son recorribles e que motivos son necesarios que concorran para iso. Tamén, como ben se explica a continuación, a sentenza ditada en única instancia por Tribunal Superior de Xustiza ou pola Audiencia Nacional pode ser recorrible en casación ordinaria ante a Sala do Social do Tribunal Supremo polos motivos enumerados pola autora, detallando ademais a estrutura propia do procedemento e as súas diferentes fases, explicando conxuntamente ademais o recurso de casación para a unificación da doutrina.

A pesar do teórico dos temas, o cal é innegable, as autoras non o enfocan dende unha perspectiva puramente doutrinal, senón práctica e esquemática a través da cal o destinatario da obra poida doadamente trasladar o aprendido á súa vida profesional que, no fondo, é o que máis lle urxirá nese suposto concreto, podendo ademais apoiarse de resolucións xudiciais que se pronunciaron no sentido do problema que lle afecta e que as autoras resumen de xeito conciso pero ilustrativo.

Se ben como se recalcou anteriormente a importancia do proceso laboral ordinario é fundamental, as modalidades procesuais especiais non deben ser obviadas, e a elas se dedica o Capítulo III da obra baixo a rúbrica "*Casos relativos ás modalidades procesuais especiais*", elaborado conxuntamente por Pedro Sánchez Pérez, Antonio Álvarez del Cuvillo, Antonio Costa Reyes, Yolanda Maneiro Vázquez

e Julia Muñoz Molina. O obxecto litixioso en todo proceso resulta fundamental, e sobre a base deste o demandante na demanda debe determinar a modalidade procesual que resulte axeitada. A profesora Maneiro Vázquez explica esta idea dando importancia ademais ao feito de que o demandante que acode ao proceso laboral non ten por que ser un experto xurista nin debe ir acompañado por algún deles, de modo que a responsabilidade do coñecemento das normas non recae integramente nel. En consecuencia, como explica a autora, debe ser o xuíz quen reconduza o asunto polo proceso que considere conveniente.

O proceso laboral ordinario serve de base aos procesos laborais específicos e ademais aplícase en defecto de regulación expresa, pero non se debe perder de vista que estes últimos merecen un tratamento diferenciado por rexer neles principios diferentes, como son a urxencia, a preferencia e a sumariedade cualitativa. Así, os autores dentro deste Capítulo explicarán as diferentes modalidades procesuais especiais indicando non unicamente a súa razón de ser, senón tamén os requisitos que poden ser esixidos nun correcto proceso e a tramitación integral, dende a formulación da demanda ata a sentenza e a súa eventual execución.

O autor Pedro Sánchez Pérez inicia a súa exposición nesta materia abordando os procesos especiais en materia de extinción do contrato de traballo, que adoitan darse con bastante frecuencia na práctica xudicial: despedimento disciplinario, extinción por causas obxectivas, despedimentos colectivos por causas económicas, organizativas, técnicas ou de produción ou derivadas de forza maior e reclamación ao Estado do pagamento de salarios de tramitación en xuízos por despedimento. Neste sentido o autor, unha vez que puxo enriba da mesa todas as disquisicións teóricas que atinxen a estes tipos de procesos, ofrece numerosos recursos ao lector. Así, sendo consciente da importancia crucial que pode supoñer para un profesional vencer un preito relativo a un despedimento, non só exemplifica os supostos con abundante e variada xurisprudencia, senón que tamén mostra modelos de

demandas e exemplos de cara ao cálculo das correspondentes indemnizacións. Seguindo esta mesma liña o autor tamén dedica espazo á impugnación das sancións como modalidade procesual especial.

Pola súa banda, a profesora Maneiro Vázquez dedica as súas páxinas a procesos laborais especiais tan importantes como os referentes ás vacacións; a clasificación profesional; a mobilidade xeográfica, modificación substancial de condicións de traballo, suspensión do contrato e redución de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción derivadas de forza maior; os dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral; e a tutela dos dereitos fundamentais e liberdades públicas. É evidente que nos encontramos ante materias de gran calado na vida laboral e que con frecuencia chegan ata os nosos xulgados e tribunais, razón pola cal a autora se preocupa por introducir dentro da propia teoría específica de cada un destes procesos innumerables exemplos que permiten ao lector facerse unha idea de como eses conceptos xurídicos se reflicten na realidade e na relación laboral concreta, ofrecendo ademais ao avogado ou graduado social numerosas fontes xurisprudenciais das cales valerse nun futuro se debe coñecer dalgún caso relacionado con iso.

A vertente colectiva das relacións laborais tamén é de suma importancia no sistema de relacións laborais onde, inevitablemente, se poden producir conflitos colectivos de índole xurídica que precisan ser resoltos a través da modalidade procesual especial, que detalla de xeito teórico e práctico o profesor Álvarez del Cuvillo.

Como peche do capítulo, os profesores Antonio Costa Reyes e Julia Muñoz Molina expoñen todos os aspectos concernentes á Seguridade Social nas modalidades procesuais, facendo especial fincapé no procedemento en materia de prestacións, explicando que tipo de continxencia dá lugar ás prestacións reclamables (asistencia sanitaria, incapacidade temporal ou permanente, maternidade e paternidade, etc.) e a súa contía, así como a imputación de responsabilidade (responsabilidade directa do empresario, responsabilidade subsidiaria do Instituto Nacional de

Seguridade Social, o pagamento anticipado, etc.), ademais de abordar propiamente o proceso xudicial en todos os seus aspectos dende a súa formulación ata a súa resolución. De novo, como vén sendo a liña xeral desta obra, todos os conceptos teóricos son desenvolvidos dunha ou outra forma a nivel práctico.

Este conxunto de coñecementos resulta de grande utilidade á hora de perfeccionar o coñecemento sobre o obxecto litixioso e conseguir unha resolución favorable. Non obstante, como sempre sucede, preparar un xuízo nun despacho con tranquilidade adoita ser moi diferente a acudir ao propio Xulgado ou Tribunal a defendelo, e esta é unha das principais cuestións que preocupan aos avogados ou graduados sociais que acceden por primeira vez a unha vista oral, xurdíndolles miles de preguntas: como deben actuar no Xulgado, se prepararon debidamente o seu cliente ou as testemuñas, a que Sala deben acudir, etc. Estas son respostas ás que, indubidablemente, se chega a través da experiencia. Non obstante, esta obra non quería deixar este tema tan importante sen tratar, e a el dedícase o Capítulo V, titulado "*Guía práctica de actuacións en Sala*", escrito pola avogada Lidia de la Iglesia Aza. O día a día desta profesional permite que, a través das páxinas, poidamos ver como se debería enfrontar todo avogado ou graduado social a un proceso laboral.

A autora sinala a importancia de, en primeiro lugar, establecer unha relación fluída e de confianza co cliente, co cal se estará vinculado a través dun contrato de arrendamento de servizos recollido nun documento denominado encargo de servizos. Unha vez que se acordaron todos os puntos relevantes co cliente e este mostrou a súa versión dos feitos e que pretende conseguir, é cando empeza a tarefa do profesional. Como se deduce da teoría que se explica nas páxinas anteriores, a actuación preprocesual que destaca é a conciliación, e a autora non só nos ofrece un modelo de papeleta de conciliación, senón que ademais pon o lector en tesitura de todas as posibles situacións que se poden dar no devandito acto, brindando ademais consellos ou pautas de actuación. Esta mesma liña

é a que se vai seguir cando, ao explicar en que consiste a demanda, manifeste a autora directrices en canto á súa redacción e un modelo desta para, así, conseguir deixar establecida de xeito suficientemente claro a posición procesual correspondente. A pesar diso, pode suceder que a devandita demanda requira algún tipo de emenda, e por iso móstranse dentro da propia obra documentos oficiais de requirimentos de emenda realizados polo Letrado da Administración de Xustiza.

Admitida a trámite a demanda, o Letrado da Administración de Xustiza realizará unha citación a conciliación e xuízo oral. Neste sentido, non é infrecuente que por cuestións de axenda ou acontecementos diversos sexa imposible acudir aos devanditos actos, de modo que a autora mostra que se debe facer nesas situacións e mesmo como se debe redactar un escrito de solicitude de suspensión. Á súa vez, con detemento, detállase como é o acto de conciliación xudicial e cales son os seus posibles resultados para, posteriormente, explicar como é propiamente o xuízo oral: cales son as partes que deben intervir necesariamente, cales non teñen por que, como é a distribución física da sala de vistas, como se procederá á gravación da vista oral, etc. Máis alá de cada unha das fases polas que transcorre a vista oral, a autora non deixa pasar a oportunidade para resaltar a necesidade dunha boa exposición oral por parte do profesional, que debe coñecer os costumes de cada Xulgado (como por exemplo onde se encontran as Salas de Togas). A exposición e dominio do tema a tratar non é só importante se o profesional actúa como representante do demandante, senón tamén do demandado. O representante do demandado debe saber expoñer con claridade cales son as excepcións procesuais opostas, e pola súa banda o representante do demandante debe contestar a elas con fluidez (insiste por exemplo a autora na necesidade de ir tomando notas e apuntamentos das exposicións das partes para ter unha guía posteriormente que, en todo caso, non debe ser lida, senón exposta oralmente).

Outra cuestión de suma importancia nun proceso laboral é precisamente a proposición, admisión e práctica da proba.

Con carácter xeral a proba debe ser practicada no mesmo acto de vista, de modo que tanto demandante coma demandado deben propoñer as probas que consideren convenientes, se ben salvo investimento é o demandante quen asume a obriga de acreditar os feitos básicos da demanda. Así, a autora achega un modelo de solicitude de práctica de proba, indica como se debe actuar ante a inadmisión desta, como debe cada unha das partes preparar as súas probas, especialmente avaliando e seleccionando correctamente as testemuñas das cales se van servir, en que orde se realizarán as probas oportunas e como, tras esas probas, se debe verter a conclusión dun xeito sinxelo, rotundo e claro.

Será a sentenza finalmente a que, a través do seu fallo, determinará a solución ao preito. O resultado do preito é importante non só para o profesional, senón tamén para o cliente, de modo que, se se precisa algún tipo de aclaración do fallo, as partes poden solicitalo a través dun modelo que tamén facilita a autora. En todo caso, a desconformidade dunha das partes ou de ambas as dúas coa sentenza e o seu fallo pódese facer patente a través da interposición dos recursos que correspondan: suplicación, casación e casación para unificación da doutrina. Dunha forma sistemática a autora mostra como se debe redactar un escrito de recurso, cales son os motivos que lexitiman a parte a interpoñelo ou fronte a que sentenzas pode interpoñerse, onde debe interpoñelo, quen será o órgano competente para coñecer, como se tramitará o proceso...

Non obstante, non se pode perder de vista que unha sentenza estimatoria resulta fundamental para satisfacer as pretensións da parte que se ve favorecida, e para iso o ordenamento procesual abre a fase de execución, tanto na súa vertente provisional como definitiva, que debe ser solicitada a través do escrito de execución, que consta co seu modelo.

O feito de actuar e levar a cabo un proceso por parte do graduado ou do avogado debe ser remunerado a través dos honorarios, que deben ser satisfeitos pola contraparte sempre que as pretensións fosen estimadas en fase de

recurso (e sempre que non sexa beneficiaria de xustiza gratuíta), e así a autora mostra como o aboamento desta cantidade está sometido a un procedemento paralelo á execución onde debe ser presentado un escrito de solicitude de aboamento de honorarios, debidamente redactado. En todo caso, pode ser posible que se deban reclamar os intereses procesuais e de mora se constaba tal solicitude na demanda e o fallo estimatorio non contén previsión ao respecto, achegando para tal efecto a autora un modelo e indicando como se deben calcular.

O carácter e orientación práctica desta guía, que é indubidable, vese completado co último capítulo da obra, o Capítulo VI, titulado "*Casos prácticos para resolver*". Elaborado colectivamente polos profesores Antonio Costa Reyes, Lucía Dans Álvarez de Sotomayor, Yolanda Maneiro Vázquez, Julia Muñoz Molina e Pedro Sánchez Pérez, a través deste faise unha recompilación de todo o explicado con anterioridade, pero formulado a través de casos prácticos. Por cada un dos apartados fundamentais da obra e os aspectos teóricos máis problemáticos, os autores propoñen casos prácticos aos que todo avogado ou graduado social se pode enfrontar na súa vida profesional, expoñendo a continuación as resolucións xudiciais que poden servir de fundamento e onde se pode encontrar a solución a estes. Así, por exemplo, pódense achar casos prácticos relativos á determinación da competencia da orde xurisdiccional polos seus límites transfronteirizos, á caducidade e a prescrición das accións, aos recursos susceptibles de interposición, á modalidade especial de despedimento disciplinario, tutela de dereitos fundamentais, etc.

Veu sendo a tónica xeral desta recensión, pero é precisamente o que destaca desta obra colectiva: a orientación práctica do proceso laboral. Non se trata dun manual "ao uso" onde se abrangue a totalidade teórica e doutrinal dos conceptos, senón que pola contra se trata de elaborar unha sistematización dos principais asuntos a tratar para que, posteriormente a través de exemplos, casos reais e mesmo modelos se faga ver a transcendencia

práctica do aprendido. Tanto o proceso laboral ordinario coma os procesos labores especiais son complexos e cheos de matices que se deben ter presentes tanto para coñecer o dereito substantivo coma para canalizar dunha forma satisfactoria calquera pretensión laboral na vida profesional. Este novo enfoque, diferente ao dos manuais máis clásicos na materia, provoca que a súa transcendencia práctica non só estea destinada a alumnos, senón tamén a docentes, que poderán encontrar nel abundante material didáctico, e mozos graduados sociais ou avogados que desexen iniciar a súa carreira no ámbito laboral.

Dende o ámbito académico non se debería esquecer que o enfoque teórico e práctico xoga un papel complementario, e así conviría que fose transmitido. Xa o dicía o propio Aristóteles hai miles de anos: *"A intelixencia consiste non só no coñecemento, senón tamén na destreza de aplicar os coñecementos na práctica"*.

LIDIA GIL OTERO

Universidade de Santiago de Compostela
lidiagiloter@gmail.com